

Comentarios recollidos do [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008](#)

1. Ramón Lamote, profesor de chairego e debuxante de soños, o Rexedor da Cidade, que busca o recoñecemento dos veciños para a súa propia gloria. O Reparante, un animal pequeno como un can e con forma de dragón. Cando aparece un tubo que corta o paso na beirarrúa, todos, grandes e maiores, acaban pasando por el. Pero cando o Rexedor se dispón a inauguralo, desaparece tan misteriosamente como apareceu. **(Santiago)**

2. O libro gustoume moito. É un dos mellores libros que lin neste curso. É orixinal, divertido e con moita fantasía. Está escrito nunha linguaxe orixinal e atractiva, que se le con interese dende a primeira páxina ata a última. O libro conta varias cousas que lle sucederon ó protagonista Ramón Lamote. Entre todas as historias, as que máis me gustaron foron: a historia na que Ramón Lamote descobre a chegada á cidade do Reparante (un ser mitolóxico que espertaba cada 696 anos e estaba 2 días na cidade, e logo volvía a durmir), e tamén a historia dun estraño tubo, de grandes dimensións, que apareceu diante da casa de Ramón Lamote. Fíxome graza o capítulo no que Ramón Lamote atopa unha muller sentada na escaleira, que non o deixaba pasar, e como Ramón Lamote quería ser educado, ... Todo o libro se basea en sucesos que pasaron grazas á intelixencia de Ramón Lamote. Case todas as veces discorría ben, pero para min, cando estaba a muller nas escaleiras, debería directamente ... Recomendo ler este libro, para calquera idade, xa que é un libro divertido e orixinal. **(José Manuel)**

3. O libro gustoume moito porque é bastante entretido e é o único libro deste curso que non me parece moi infantil. O libro fala dun profesor que dá clases de chairego e cóntanse historias que lle suceden a Ramón Lamote. **(Jorge)**

4. Este libro está dividido en diferentes historias, pero todas falan do mesmo home, un home baixo e de bo aspecto. Unha das historias que máis me gustou foi cando o señor Lamote deu cun tubo xigante diante da porta da súa casa cando ía a peluquería . Este día chovía un montón, e despois de dar a súa clase de chairego, decidiu ir á perruquería, entón encontrou un tubo tirado na beirarrúa... Que lle pasará ao tubo? Se queres sabelo, alúgao na biblioteca ou mércao. Despois tamén hai historias aburridas como por exemplo a da corrida de nubes, na miña opinión. Se queres sabelo leo, a min gustoume bastante. Nalgunhas historias soamente! Outras parecéronme un pouco aburridas. **(Alejandro)**

5. O libro estame a gustar moito. Está dividido en historias moi curtas que tratan sempre do mesmo home, a que me gustou máis foi a da muller que estaba no medio das escaleiras e non lle deixaba ... Recomendo este libro aos meus compañeiros. Adeus! **(Irene)**

6. Este libro conta o que lle sucede a un profesor de chairego que se chama Ramón Lamote e que non paran de pasarlle trapalladas. É un libro entretido de ler e moi curto. Recomendo que o lean os dos seguintes cursos. **(Alberto)**

7. Ramón Lamote dá clases de chairego. Grazas á súa imaxinación vai vivir moitas aventuras. A que máis me gustou foi a do entomodelfo que era un animal mamífero, poñía ovos e máis disparates. O libro é moi interesante e algo divertido. **(Adrián)**

8. Ramón Lamote é un profesor de chairego e debuxante de soños. Na vida de Ramón Lamote acontecen cousas moi raras: aparecen tubos enormes de máis de vinte metros diante da súa casa, na súa cidade aparecen Reparantes, organízanse corridas de nubes... En fin é un libro entretido e nunca sabes o que vai pasar nel. **(Andrea)**

9. Este libro gustoume moito porque ten moitas historias xuntas aínda que algunhas son un pouco estrañas. A historia que máis me gustou foi na que Ramón Lamote atopa un tubo e non sabe ninguén como sacalo do medio da beirarrúa porque ademais, este tubo estorba aos viandantes ... O libro en xeral gustoume; a que menos me gustou foi a da corrida de nubes. **(Rafael)**
